



TEATRO DE NINGURES

O BUSCADOR DE ILLAS

Espectáculo de rúa para todos os públicos, onde tres personaxes navegan nun barco a vela nunha viaxe sen destino claro

Con:

LOIS SOAXE

CARLOTA ROSÓN

MARTÍN BLANCO

Creación/autoría: Carlota Rosón, Lois Soaxe, Martín Blanco e Salvador del Río

Idea: Lois Soaxe

Técnicos: Serafín Piñeiro/Hector Pazos

Deseño e construción escenografía: Pablo Giráldez, "O PASTOR"

Deseño Vestiario: Diego Seixo

Composición música orixinal: Héctor Pazos

Locución radio: Sara Santamaría

Deseño Gráfico, Fotografía, Vídeo, Cartel e Programa: Diego Seixo

DIRECCIÓN: SALVADOR DEL RÍO

Coprodución Mostra Internacional de Teatro cómico e festivo de Cangas

Logotipos de Mostra, Auditorio, Concello e Ningures

Contratación:

Lilian Portela

AMARELO Distribución

+ 34 610 106 808 / lilian@amarelo.es



SINOPSE:

Xacio anda na procura das illas que están asulagándose por causa da subida do nivel do mar, sen que ninguén se percate, sen que ninguén faga nada por evitalo, nunha viaxe post-iniciática, na madurez, alguén que deixa todo atrás para levar a cabo unha nova misión, necesariamente utópica, seguramente condenada ao fracaso, pero coa vontade suficiente para non renderse pese ás adversidades de toda viaxe.

Carocho e Pailona son dúas presenzaas que o acompañan adoptando diferentes roles durante o percorrido, poden ser calquera de nós (veñen do público) e actúan favorecendo ou perxudicando sen querer a misión de Xacio, mesmo provocan que siga adiante nos momentos de desesperación.

Serán as tartarugas que buscan esa illa para desovar e que xa non existe, ou as aves que non teñen unha parada nas súas migracións, ou os arroaces que quedan presos nunha rede á deriva, ou calquera animal preso pola basura e o plástico que anda á deriva.

Temos por unha banda un personaxe introspectivo, co que moitas de nós podemos empatizar, aínda que nunca deamos ese paso adiante, pero que necesitamos vernos reflexados nestes anti-heroes para poder seguir coa tranquilidade das nosas vidas.

Temos por outro lado un transfondo de denuncia social, un pequeno amplificador que nos permita escoitar ese S.O.S., esa alarma que nos manda o planeta que poida servir para despertar en nós un sentimento de proximidade aos que sofren as consecuencias. Empatizar co que está en perigo, co débil, co que nos pide axuda.



TEATRO DE NINGURES. 1986-2026

40 ANIVERSARIO

2025: PREMIO DA CRÍTICA DE GALICIA. ARTES ESCÉNICAS

2026: RECOÑECIMENTO SOCIA DE HONRA ESCENA GALEGA

Fundada en 1986, Teatro de Ningures conta con máis de trinta espectáculos producidos e distribuídos, tanto clásicos como contemporáneos, sempre cun fondo compromiso social. Ademais do BUSCADOR DE ILLAS mantemos en cartel o espectáculo AS GARDIÁS, logo dunha ampla xira que nos levou á maioría dos teatros e auditorios de Galicia, e presentamos en outubro de 2026 o espectáculo TELMA E LOLA, ademais dunha serie de actividades conmemorativas destes 40 anos, destacando unha exposición fotográfica das montaxes teatrais realizadas neste percorrido.

Desde Ningures impulsamos a creación e formamos parte da organización de eventos como a Mostra de Teatro de Cangas ou a Mostra de Teatro Universitaria da UVigo, ademais dunha intensa actividade pedagóxica tanto na Escola de Teatro de Cangas como na UVigo.

Teatro de Ningures é unha compañía fortemente implicada no seu territorio, asentada nunha comarca densamente poboada, o Morrazo, que sempre participou dos proxectos sociais e políticos da súa contorna, aspirando a prestar un servizo á comunidade, desde a cultura e sen darlle as costas ao que acontece ao noso redor, provocando preguntas e conversas que mesmo poden axudar a procurar solucións, ou a favorecer o debate. O macroespectáculo DEFENSA DA VILA. MARÍA SOLIÑA, realizado ininterrumpidamente desde 2017 e onde participan máis de 150 persoas, é unha mostra dese compromiso.